

XEOGRAFÍA

OPCIÓN A

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: inversión térmica, ecoturismo, economía somerxida, xentrificación, municipio, estatuto de autonomía (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

1. Defina, en un máximo de cinco liñas, unicamente catro de los siguientes términos geográficos, indicando algún ejemplo en relación con España o Galicia: inversión térmica, ecoturismo, economía sumergida, gentrificación, municipio, estatuto de autonomía (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por término bien definido).

2.- Atendendo aos documentos, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

- Identifique as figuras 1 e 2 (1 punto).
- Cite cinco provincias cun saldo vexetativo entre -0,1 e -1,99 ‰ (1 punto).
- Explique os tipos de réximes demográficos que pode distinguir na figura 1 (1 punto).
- Sinale catro causas que expliquen o último réxime demográfico representado na figura 1 (1 punto).

2. Atendiendo a los documentos, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

- Identifique las figuras 1 e 2 (1 punto).
- Cite cinco provincias con un saldo vegetativo entre -0,1 y -1,99 ‰ (1 punto).
- Explique los tipos de regímenes demográficos que puede distinguir en la figura 1 (1 punto).
- Señale cuatro causas que expliquen el último régimen demográfico representado en la figura 1 (1 punto).




Figura 1 Fonte: INE




Figura 2 Fonte: <http://www.ign.es> España a través de los mapas

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema "Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica e das Illas Canarias e Baleares. Tipos de unidades morfoestruturais. a) Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica e das Illas (da era arcaica ao glacialismo cuaternario). b) Tipos de unidades: zócolo, macizos antigos, cordilleiras de pregamento, cuncas sedimentarias".

3.- Desarrolle el tema a partir del siguiente guión (puntuación máxima 4 puntos): Tema "Formación y evolución geomorfolóxica de la Península Ibérica y de las Islas Canarias y Baleares. Tipos de unidades morfoestructurales. a) Formación y evolución geomorfolóxica de la Península Ibérica y de las Islas (de la era arcaica al glacialismo cuaternario). b) Tipos de unidades: zócalo, macizos antiguos, cordilleras de plegamiento, cuencas sedimentarias".

XEOGRAFÍA

OPCIÓN B

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: zócalo, barlovento, laurisilva, enerxías renovables, área metropolitana, Comisión europea (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

1. Defina, en un máximo de cinco liñas, unicamente catro de los siguientes términos geográficos, indicando algún ejemplo en relación con España o Galicia: zócalo, barlovento, laurisilva, energías renovables, área metropolitana, Comisión europea (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por término bien definido).

2.- Atendendo aos documentos, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

- a) Identifique os catro tipos de réxime fluvial que aparecen numerados na figura 1(1 punto).
- b) Analice o tipo de documento da figura 2 e explique o valor "k" (1 punto).
- c) Identifique e xustifique o tipo de réxime fluvial representado na figura 2 (1 punto).
- d) Sinale as principais características e usos do tipo de río correspondente ao réxime fluvial representado na figura 2 (1 punto).

2. Atendiendo a los documentos, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

- a) Identifique los cuatro tipos de régimen fluvial que aparecen numerados en la figura 1(1 punto).
- b) Analice el tipo de documento de la figura 2 y explique el valor "k" (1 punto).
- c) Identifique y justifique el tipo de régimen fluvial representado en la figura 2 (1 punto).
- d) Señale las principales características y usos del tipo de río correspondiente al régimen fluvial representado en la figura 2 (1 punto).



Figura 1 Fonte: <http://www.ign.es> España a través de los mapas




Figura 2 Fonte: ANAYA

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema "As paisaxes agrarias españolas. a) Condicións naturais (dominios atlántico, mediterráneo, subtropical, áreas montañosas e chairas). b) Estrutura da propiedade".

3.- Desarrolle el tema a partir del siguiente guión (puntuación máxima 4 puntos): Tema "Los paisajes agrarios españoles. a) Condiciones naturales (dominios atlántico, mediterráneo, subtropical, áreas montañosas y llanuras). b) Estructura de la propiedad".

SETEMBRO 2017

XEOGRAFÍA

OPCIÓN A

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: isóbara, ría, litosfera, esperanza de vida, censo de poboación, difusión industrial (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).


1. Defina, en un máximo de cinco liñas, únicamente catro de los siguientes términos geográficos, indicando algún ejemplo en relación con España o Galicia: isobara, ría, litosfera, esperanza de vida, censo de población, difusión industrial (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por término bien definido).

2.- Atendendo ao documento conteste (puntuación máxima 4 puntos):

- Cite as cinco comunidades autónomas que non teñen ningunha aglomeración maior de 250.000 habitantes (1 punto).
- Comente o documento atendendo ás seguintes cuestións:
 - Identifique o documento e xustifique a que categorías de xerarquía urbana corresponden as seguintes metrópoles: Zaragoza, Córdoba e Madrid (1 punto).
 - Que aspectos condicionan a distribución dos principais espazos de concentración urbana? (1 punto).
 - Explique as consecuencias do actual sistema urbano no interior peninsular (1 punto).

2. Atendiendo al documento conteste (puntuación máxima 4 puntos):

- Cite las cinco comunidades autónomas que no tienen ninguna aglomeración mayor de 250.000 habitantes (1 punto).
- Comente el documento atendiendo a las siguientes cuestiones:
 - Identifique el documento y justifique a qué categorías de jerarquía urbana corresponden las siguientes metrópolis: Zaragoza, Córdoba y Madrid (1 punto).
 - ¿Qué aspectos condicionan la distribución de los principales espacios de concentración urbana? (1 punto).
 - Explique las consecuencias del actual sistema urbano en el interior peninsular(1 punto).



3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos):

Tema: "Repercusións ambientais da acción humana". a) Contaminación. b) Quecemento global. c) Pegada ecolóxica.

3.- Desarrolle el tema a partir del siguiente guión (puntuación máxima 4 puntos):

Tema: "Repercusiones ambientales de la acción humana". a) Contaminación. b) Calentamiento global. c) Huella ecológica.

SETEMBRO 2017

XEOGRAFÍA

OPCIÓN B

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: ría, cunca fluvial, tectónica de placas, plan xeral de ordenación urbana (PXOU), taxa de fecundidade, economías de escala (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

1.- Defina, en un máximo de cinco liñas, unicamente catro de los siguientes términos geográficos, indicando algún ejemplo en relación con España o Galicia: ría, cuenca fluvial, tectónica de placas, plan general de ordenación urbana (PGOU), tasa de fecundidad, economías de escala (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por término bien definido).

2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Localice e identifique as provincias numeradas do 1 ao 4, indicando cales están en alta e cales en baixa presión (1 punto).

b) Comente o mapa do tempo seguindo as seguintes cuestións:


- Identifique o tipo de documento, as figuras isobáricas, frentes e a localización -a grandes trazos- dos mesmos (1 punto).
- Masas de aire e ventos dominantes nas distintas áreas de España (1 punto).
- Situación meteorolóxica e tipos de tempo que cabe esperar no norte peninsular (1 punto).

2.-Atendiendo al documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Localice e identifique las provincias numeradas del 1 al 4, indicando cuáles están en alta y cuáles en baja presión (1 punto).

b) Comente el mapa del tiempo siguiendo las siguientes cuestiones:

- Identifique el tipo de documento, las figuras isobáricas, frentes y la localización -a grandes rasgos- de los mismos (1 punto).
- Masas de aire y vientos dominantes en las distintas áreas de España (1 punto).
- Situación meteorológica y tipos de tiempo que cabe esperar en el norte peninsular (1 punto).



Fonte: ANAYA

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema: "Movilidade espacial da poboación". a) O éxodo rural. b) A inmigración.

3.- Desarrolle el tema a partir del siguiente guión (puntuación máxima 4 puntos): Tema: "Movilidad espacial de la población". a) El éxodo rural. b) La inmigración.

**PROBA DE AVALIACIÓN DO BACHARELATO
PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE
XUÑO 2017**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

XEOGRAFÍA

OPCIÓN A

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: inversión térmica, ecoturismo, economía somerxida, xentrificación, municipio, estatuto de autonomía (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

Inversión térmica.- Incremento da temperatura do ar ao aumentar a altura, cando debера de diminuír segundo o gradiente adiabático normal. O ar máis cálido atópase sobre o máis frío. A nivel do solo, é resultado da irradiación nocturna con ar en calma e ceo despexado nunha situación anticiclónica invernal.

Ecoturismo.- Chamamos ecoturismo a unha tendencia do turismo alternativo, diferente ao turismo tradicional. Nestas actividades turísticas priviléxiase a sustentabilidade, a preservación, a apreciación do medio natural e cultural; preténdese manter o benestar das poboacións locais, minimizando os impactos negativos para o medio ambiente e a comunidade local, e mantendo sempre un respecto ético polas leis laborais e os dereitos humanos dos traballadores implicados.

Economía somerxida.- Conxunto de actividades económicas que se desenvolven clandestinamente e escapan ao control fiscal e as leis e normativas laborais, e que permiten a subsistencia dun sector máis ou menos amplo da poboación segundo os países.

Xentrificación.- Proceso de transformación urbana no que a poboación orixinal dun sector ou barrio deteriorado e con pauperismo é progresivamente desprazada por outra dun maior nivel adquisitivo á vez que se renova. O termo é un neoloxismo que procede do inglés "gentrification".

Municipio.- Entidade administrativa de carácter local e división territorial que constitúe o nivel básico da organización do Estado español. O seu goberno e administración corresponden ao concello.

Estatuto de autonomía.- Norma institucional básica de cada Comunidade ou Cidade Autónoma recoñecida pola Constitución de 1978 no seu artigo 147. A súa aprobación lévase a cabo mediante Lei Orgánica, que require o voto da maioría absoluta do Congreso dos Deputados.

2.- Atendendo aos documentos, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Identifique as figuras 1 e 2 (1 punto).

Gráfico lineal con dous eixos, no horizontal aparecen os intervalos cronolóxico do 1861-2015, representando dúas magnitudes, a taxa de natalidade e a de mortalidade, a fonte é o INE, e no vertical as taxas en tantos por mil; e mapa de coropletas que se utilizan para representar fenómenos con numeracións, neste caso presenta unha división administrativa en provincias, presenta unha lenda e a fonte é *España a través de los mapas*, e tamén presenta unha escala gráfica.

b) Cite cinco provincias cun saldo vexetativo entre -0,1 e -1,99 ‰ (1 punto).

Badaxoz, Biscaia, Cantabria, Cidade Real, Lleida, Pontevedra, Segovia, Valladolid, Zaragoza.

c) Explique os tipos de réximes demográficos que pode distinguir na figura 1 (1 punto).

- **Réxime demográfico (RD) antigo ata 1893, caracterizado por moi altas taxas de natalidade e mortalidade** (superiores ao 30‰), co resultado de **escaso crecemento da poboación**. Neste réxime demográfico, propio de sociedades rurais, existía una alta mortalidade infantil. Na gráfica sobresa o pico de mortalidade de 1885 causado por unha epidemia de cólera. Na década de 1880 a 1889 a tuberculose, as tifoideas, o xarampón e outras enfermidades constituíron o 41,3% dos falecementos.

- **Inicio da transición demográfica (TD) que dura ata 1963 caracterizada por una baixada brusca da mortalidade motivada polo desenvolvemento económico e a mellora das condicións de vida**. A natalidade descende de forma suave, sendo deste xeito o crecemento natural da poboación elevado. Nesta fase sobresa a gripe española de 1918 polo incremento da mortalidade e a guerra civil española

(1936-1939) polo aumento da mortalidade e, sobre todo, pola subnatalidade que provoca.

- **Final da TD a comezos dos anos 80. A mortalidade mantívose moi baixa pero a natalidade continuou descendendo, reducíndose o crecemento natural.** A incorporación da muller ao mundo laboral, o diferente papel dos fillos e a extensión de métodos anticonceptivos foron, entre outros, causa do descenso da natalidade.

- **Novo réxime demográfico ou Segunda Transición Demográfica (STD) desde os comezos do século XXI. As taxas de natalidade e mortalidade seguen sendo moi baixas polo que o crecemento é nulo.** A chegada de inmigrantes permite un breve crecemento da natalidade antes da crise de 2008. Entre o ano 2000 e 2009 a taxa de natalidade superará o 10‰.

Poden aparecer as dúas etapas de transición como única.

d) Sinale catro causas que expliquen o último réxime demográfico representado na figura 1 (1 punto).

- A situación económica de crise a partir de 1975 e que continuou na década dos 80 incrementou a idade media de matrimonio e acurtou o período fértil das mulleres pola:
 - Precariedade laboral
 - Alto prezo da vivenda

- Cambios de mentalidade e de valores desde a transición á democracia con:
 - Diminución da influencia relixiosa
 - Uso de anticonceptivos
 - Legalización do aborto, en certos supostos, e do divorcio
 - Aumento do acceso feminino á educación e incremento da participación da muller no mercado laboral
 - Dificultades na conciliación familiar (escaseza de garderías, ausencia de políticas a favor)
 - Os fillos xa non se consideran un seguro de vellez (progreso da protección social)

- Lixeira recuperación na actual centuria grazas á inmigración estranxeira
- Lixeiro aumento da mortalidade desde os 80 debido ao envellecemento da poboación
- Crecemento natural descendeu ata o final da centuria anterior polas baixas taxas de natalidade e de mortalidade.

**3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos):
Tema “Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica e das Illas Canarias e Baleares. Tipos de unidades morfoestruturais. a) Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica e das Illas (da era arcaica ao glaciario cuaternario). b) Tipos de unidades: zócolo, macizos antigos, cordilleiras de pregamento, cuncas sedimentarias”.**

a) Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica e das Illas

O relevo actual da Península é o resultado dunha historia xeolóxica de millóns de anos na que se alternaron fases oroxénicas con outras de calma, nas que predominou a erosión e a sedimentación.

1) Durante a era arcaica ou Precámbrico (4.000-600 millóns de anos) emerxeu do mar unha banda arqueada de noroeste a sueste, formada por lousas e gneis, que comprendía case toda a actual Galicia. Tamén xurdiron elevacións nalgúns puntos illados do Sistema Central e dos Montes de Toledo. Este macizo precámbrico foi arrasado posteriormente pola erosión e cuberto case na súa totalidade polos mares paleozoicos.

2) Na era primaria ou Paleozoico (600-225 millóns de anos) tivo lugar a oroxénese herciniana. Dos mares que cubrían a maior parte da Península xurdiron as cordilleiras hercinianas, formadas por materiais como o granito, lousa e cuarcita. Ao oeste elevouse o Macizo Hespérico, arrasado pola erosión durante a mesma era primaria e convertido en zócalo ou meseta inclinada cara ó Mediterráneo. Ó noreste apareceron os macizos de Aquitania, Catalano-Balear e do Ebro, e ó sueste, o Macizo Bético-Rifeño. Todos eles foron tamén arrasados pola erosión e durante a era primaria convertidos en zócolos.

3) A era secundaria ou Mesozoico (225-68 millóns de anos) foi un período de calma no que predominaron a erosión e a sedimentación. Continuou o aplanamento das cordilleiras hercinianas. A inclinación do zócolo da Meseta cara ó Mediterráneo permitiu, nos períodos de transgresión mariña, unha fonda penetración do mar, que depositou no seu bordo oriental unha cobertura non moi potente de materiais sedimentarios plásticos (calcaria, arenito, marga). Tamén se depositaron enormes espesuras de sedimentos en fosas mariñas situadas nas actuais zonas pirenaica e bética.

4) Durante a era terciaria (68-1,7 millóns de anos) produciuse a oroxénese alpina. Como resultado desta:

- Levantáronse as cordilleiras alpinas, ó pregarse os materiais depositados nas fosas pirenaica e bética entre os macizos antigos, que actuaron como topes. Xurdiron os Pireneos entre os macizos de Aquitania, Hespérico e do Ebro (que acabou afundíndose), e as cordilleiras Béticas, entre os macizos Bético-Rifeño e o Hespérico.

- Formáronse as depresións prealpinas paralelamente ás novas cordilleiras, e entre estas e o macizo antigo: a depresión do Ebro, paralela ós Pireneos, e a do Guadalquivir, paralela ás Béticas.

- A Meseta viuse afectada pola oroxénese alpina. En primeiro lugar pasou a inclinarse cara ó Atlántico, determinando a orientación cara a este océano de boa parte dos ríos peninsulares. En segundo lugar formáronse os bordos montañosos da Meseta. No seu bordo oriental pregáronse os materiais plásticos depositados polo mar na era secundaria, orixinando a parte oriental da cordilleira Cantábrica e o Sistema Ibérico. No bordo sur da Meseta, o empuxe das cordilleiras Béticas levantou Serra Morena. Por último, o zócolo da Meseta, formado por materiais paleozoicos ríxidos, experimentou fracturas e fallas. Os bloques levantados formaron o Macizo Galaico e as serras interiores da Meseta (Sistema Central e Montes de Toledo). Nesta era tamén orixinouse o conxunto de natureza volcánica das Illas Canarias.

5) Durante a era cuaternaria (1,7 millóns de anos ata a actualidade) producíronse o glaciario e a formación de terrazas fluviais.

- **O glaciario** afectou ás cordilleiras máis altas (Pireneos, cordilleira Cantábrica, Sistema Central, Sistema Ibérico e Serra Nevada), dando lugar a glaciares de circo e de val: os glaciares de circo nas cabeceira dos vales e os glaciares de val no val dándolle a forma de "U".

- **A época glaciario caracterizouse pola formación de terrazas fluviais**, antigos chans de inundación abandonados polo posterior encaixamento fluvial. As terrazas son froito das alternancias climáticas do Cuaternario. Os sucesivos ciclos glaciais e posglaciais do Cuaternario deron lugar a terrazas graduadas. Na Península, as máis características son as formadas polo Douro, o Texo, o Guadiana, o Guadalquivir e o Ebro.

b) Tipos de unidades morfoestruturais: zócolos, macizos antigos, cordilleiras de pregamentos, cuncas sedimentarias.

Unidades morfoestruturais. Resultan de movementos tectónicos que se orixinan no interior da Terra e dan lugar a levantamentos, afundimentos e desprazamentos da codia terrestre, e da posterior actuación da erosión e da sedimentación. Ambos procesos están condicionados pola natureza das rochas. Na Península atópanse presentes as grandes

unidades morfoestruturais do relevo continental: zócolos, macizos antigos, cordilleiras de pregamento e concas sedimentarias ou depresións.

1) Os zócolos son chairas ou mesetas formadas na era primaria ou paleozoico como resultado do aplanamento pola erosión de cordilleiras xurdidas nesta era. Os materiais paleozoicos son rochas silíceas: granito, lousa, cuarcita e xistos. Son ríxidas e ante novos empuxes oroxénicos fractúranse ou rompen. Na actualidade, os zócolos son relevos horizontais que ocupan extensas áreas na metade occidental da Península.

2) Os macizos antigos son montañas formadas na era terciaria polo novo levantamento dun bloque como consecuencia do movemento oroxénico alpino; son materiais paleozoicos. Estes macizos presentan cumes suaves e arredondados. Na Península, son macizos antigos as serras interiores da Meseta (Sistema Central e Montes de Toledo), o Macizo Galaico e a parte occidental da cordilleira Cantábrica.

3) As cordilleiras de pregamento son grandes elevacións montañosas que xurdiron na oroxénese da era terciaria polo pregamento de materiais sedimentarios calcarios, depositados polo mar na era secundaria. Distínguense dous tipos:

- **Cordilleiras intermedias**, pregamento de materiais depositados nos bordos dos zócolos (Sistema Ibérico e parte oriental da cordilleira Cantábrica).

- **Cordilleiras alpinas**, pregamento de materiais depositados en xeosinclinais ou fosas mariñas longas e profundas (Pireneos e cordilleiras Béticas). Teñen fortes pendentes e formas escarpadas.

4) As concas sedimentarias ou depresións: zonas afundidas formadas na era terciaria e cheas con sedimentos de calcaria, arxila, arenitos e margas. As concas sedimentarias son de dous tipos: as concas sedimentarias formadas polo afundimento dun bloque dun zócalo a causa das presións oroxénicas da era terciaria (depresións das mesetas do Douro, Texo e Guadiana); e as depresións prealpinas, localizadas a ambos lados das cordilleiras alpinas (depresións do Ebro e do Guadalquivir). As concas sedimentarias son relevos horizontais ou suavemente inclinados porque non foron afectados por oroxéneses posteriores.

OPCIÓN B

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: zócolo, barlovento, laurisilva, enerxías renovables, área metropolitana, Comisión europea (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

Zócolo.- Chaira ou meseta que se formou no Primario ao erosionarse as cordilleiras xurdidas na oroxénese herciniana. Constitúe a base de posteriores concas sedimentarias e cordilleiras.

Barlovento.- Aba dun relevo montañoso que pola súa orientación respecto ao vento dominante queda exposto ao fluxo ascendente do aire. A aba de sotavento, polo contrario, queda exposta ao fluxo descendente.

Laurisilva.- Bosque nuboso subtropical, propio de lugares húmidos, cálidos e sen xeadas, con grandes árbores -algúns perennifolios, de grande altura-, que en España se dá nas illas Canarias, máis concretamente nas vertentes setentrionais das illas occidentais de maior elevación, alí onde o “mar de nubes” -determinado pola afluencia dos alisios- permite o seu crecemento.

Energías renovables.- Son aquelas que se obteñen de fontes naturais virtualmente inesgotables, ben sexa pola inmensa cantidade de enerxía que conteñen, ben porque son capaces de rexenerarse por medios naturais. Entre as enerxías renovables cóntanse a hidroeléctrica, eólica, solar, xeotérmica, maremotriz, a biomasa e os biocombustibles.

Área metropolitana.- Rexión urbana que engloba unha cidade central que dá nome a área e unha serie de cidades satélites que poden funcionar como cidades dormitorio, industriais, comerciais e servizos, todo organizado de xeito centralizado.

Comisión europea.- É un órgano executivo e politicamente independente que, entre outras funcións, elabora as propostas de leis, e preséntaas ao Parlamento Europeo e ao Consello, xestiona a aplicación das políticas comúns e a utilización dos fondos da UE; garante que se respecten os tratados e a lexislación comunitaria; e analiza o impacto económico, social e medioambiental das novas iniciativas. Reúnese unha vez á semana e pode celebrar reunións extraordinarias.

2.- Atendendo aos documentos, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Identifique os catro tipos de réxime fluvial que aparecen numerados na figura 1 (1 punto).

- 1: Réxime nival e nival de transición.
- 2: Réxime nivo-pluvial e pluvio-nival.
- 3: Réxime pluvial e pluvio-nival oceánico.
- 4: Réxime pluvial mediterráneo ou pluvial subtropical.

b) Analice o tipo de documento da figura 2 e explique o valor “k” (1 punto).

A figura 2 presenta un **hidrograma**, un gráfico que expresa a evolución do caudal dun río ao longo dun ano hidrolóxico. Para ponderar o caudal dun río téñense en conta varios elementos: o volume de auga que pasa por un punto concreto, o tipo de precipitación (choiva ou neve) ou a distribución mensual do mesmo -que tamén está en función de factores como a altitude do relevo, o solo e a vexetación.

O ano hidrolóxico iníciase en outubro e remata en setembro. No **eixo horizontal** representáanse a sucesión de meses do ano; no **eixo vertical** representáase un número índice que expresa a variación do caudal de cada mes con respecto ao caudal medio anual ou módulo.

O valor “k” representa a relación entre o caudal medio mensual e o caudal absoluto.

c) Identifique e xustifique o tipo de réxime fluvial representado na figura 2 (1 punto).

O réxime fluvial representado na figura 2 é un **réxime pluvial mediterráneo puro** (cunha certa **influencia pluvio-nival** no aumento de caudal do mes de xuño, correspondente ao **desxeo estacional**). O réxime presenta **tres picos máximos** (un máximo en outono e outros dous en primavera), e un acusado **mínimo de verán**, coincidente co período de **estiaxe**.

d) Sinal as principais características e usos do tipo de río correspondente ao réxime fluvial representado na figura 2 (1 punto).

A distribución do caudal é coincidente coa distribución anual das precipitacións, dado que na área mediterránea, os máximos de choiva coinciden cos equinoccios (precipitacións torrenciais en outono, outras máis ligadas á influencia atlántica na primavera). Por contra, o inverno -momento de maior influencia do anticiclón peninsular- e o verán -coa presenza continua do anticiclón de Azores e a invasión de aire norteafricano- coinciden cos períodos de menor caudal.

Os caudais dos ríos mediterráneos son **moi irregulares entre estacións**, con **grandes enchentes en tempos de choivas torrenciais e gotas frías**; ás veces os ríos transportan ata 200 veces o caudal medio, polo que non é de estrañar que se provoquen **enormes inundacións**.

En canto aos usos destes ríos, as principais funcións son: o **abastecemento de auga para usos urbanos e regadío**, ademais doutros **usos turísticos**. A escaseza de auga

na cunca mediterránea ten provocado a posta en marcha de políticas de **transvases de auga** que inclúen exemplos como o do Texo-Segura, para tratar de manter en pleno auxe a horticultura mediterránea. O incremento da urbanización no litoral levou tamén a complementar estes recursos hídricos coa **desalgazón** como medio de paliar a escaseza estacional de abastecementos.

**3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos):
Tema "As paisaxes agrarias españolas. a) Condicións naturais (dominios atlántico, mediterráneo, subtropical, áreas montañosas e chairas). b) Estrutura da propiedade".**

As paisaxes agrarias son a morfoloxía ou aspecto do espazo agrario, resultado da combinación do medio natural (factores físicos) coa actividade agraria practicada sobre el (factores humanos). A diversidade destas combinacións no territorio español explica a variedade das súas paisaxes.

a) Condicións naturais e dominios

Nas paisaxes agrarias, mesmo nas máis artificiais, como pode ser unha paisaxe de agricultura de regadío baixo plástico, os **factores naturais** sempre están presentes.

- Un dos factores decisivos é o **climático**, xa que o grao de **humidade**, a duración da estación seca, as horas de **insolación** ou a presenza de **xeadas** condicionan o tipo de cultivo e polo tanto diferencian as grandes paisaxes. Boa parte do territorio español caracterízase por ter precipitacións escasas e irregulares, relativa frecuencia de tormentas e sarabia; temperaturas con situacións extremas e aridez máis ou menos acusada.
- Tamén o **relevo** é un factor clave que inflúe na distribución e mais na forma das parcelas. A **altitude, a pendente e a orientación** matizan as condicións climáticas e inflúen tamén na constitución e propiedades dos solos. Neste sentido, España ten unha altitude media elevada o que incide negativamente no cultivo de certos produtos, sobre todo hortofrutícolas. Ademais, as áreas de relevo accidentado ofrecen uns solos degradados que non serven para a agricultura.
- Finalmente a calidade dos **solos e a súa fertilidade** é un factor moi importante para o desenvolvemento das actividades primarias. En España existen terreos silíceos, calcarios e arxilosos. De entre todos, os máis fértiles son os arxilosos, que se localizan fundamentalmente nas cuncas sedimentarias dos ríos Douro, Taxo, Guadiana, Ebro e Guadalquivir.

Se nos centramos nas condicións naturais en España distínguense tres dominios: o atlántico, o mediterráneo e o subtropical canario.

- **O dominio atlántico.** A España atlántica (norte e noroeste da Península) posúe un clima relativamente húmido ao longo de todo o ano e unha topografía, en xeral, moi accidentada.

A abundancia de prados e pastos explica o tradicional desenvolvemento da gandería, a actividade dominante dentro das actividades primarias. Nas últimas décadas orientouse cara a unha explotación moderna con gran peso do vacún (leite e carne). A actividade forestal tamén ten unha gran significación económica. Predominan as árbores de folla caduca (faia, carballo, castaño) se ben hoxe ocupan unha boa parte da masa forestal algunhas especies de rápido crecemento introducidas polos seres humanos como o pino e o eucalipto. A agricultura ten un desenvolvemento moito menor. Os cultivos tradicionais son o millo, o trigo e a pataca destinados ao consumo e os forraxes para alimentar o gando.

- **O dominio mediterráneo,** localizado no resto da Península e as illas Baleares. Caracterízase pola existencia dunha estación seca no verán, e mostra un predominio das terras labradas.

Na maior parte do **interior** da Península o clima é mediterráneo continentalizado (temperaturas extremadas e precipitacións escasas) e a topografía sumamente contrastada. Nestas terras a agricultura constitúe a base da actividade agraria. Neste amplo espazo existen paisaxes agrarias moi diferenciadas.

As **chairas litorais** mediterráneas e as **illas Baleares** teñen un clima mediterráneo típico (temperaturas elevadas e precipitacións escasas) polo que a agricultura tivo tradicionalmente un gran desenvolvemento. Na actualidade se trata, fundamentalmente, dunha agricultura de regadío que utiliza técnicas modernas e intensivas cunha alta rendibilidade e orientada sobre todo ao mercado exterior e que transformou espectacularmente a paisaxe. Os principais cultivos son as hortalizas, os cítricos, os arrozais e, grazas as novas técnicas, algúns cultivos subtropicais.

- **O dominio subtropical,** nas illas Canarias, que ten na aridez o principal factor limitador para os cultivos e o bosque, agás nas zonas que están expostas aos ventos alisios.

O clima subtropical (temperaturas suaves e agradables e chuvias escasas e torrenciais), unido á carencia de solos fértiles (predominio de rochas volcánicas) e unha topografía bastante accidentada constitúen importantes limitacións para o desenvolvemento da agricultura. Para facer fronte a estas dificultades, se recorre ao rego a partir de acuíferos e auga do mar (plantas desalgadoras), a perforar a

capa volcánica e a desenvolver novos sistemas de cultivo, así como a facer socialcos nas vertentes. A súa agricultura ten unha neta vocación comercial destacando os plátanos, os froitos subtropicais e os tomates.

b) Estrutura da propiedade

Fronte a outros países europeos, España posúe unha estrutura agraria maioritariamente en **réxime de propiedade**, en torno ao 75%, e o resto en réxime de parcería (contrato polo que o propietario recibe como pago parte da colleita), arrendamento, etc. Este abundante número de propietarios, en moitos casos, dificulta tremendamente as labores de concentración parcelaria.

No seu conxunto, a estrutura de explotacións agrarias en España presenta as seguintes **características**:

- Unha **pequena dimensión media** (unhas 10 ha), se ben existen grandes diferenzas rexionais. Así, por exemplo, mentres Extremadura e Aragón acadan os maiores tamaños, en torno ás 25 ha, no extremo oposto sitúanse as illas Canarias (1,5 ha) e Galicia.
- A **pervivencia da dicotomía pequena-gran explotación**, é dicir, do minifundio-latifundio. Na actualidade, e a grandes trazos, pódese dicir que no norte predomina a pequena propiedade e no sur, a gran propiedade.
- A **existencia de demasiadas explotacións demasiado pequenas**.
- A **diversificación produtiva** que impoñen as variadas condicións naturais e socioeconómicas, e que deu lugar a «agriculturas» e paisaxes agrarias moi diferentes.
- O tipo de explotación agrícola predominante en España é a **explotación familiar pequena e media**.

Respecto a evolución histórica da estrutura da propiedade podemos dicir que na economía de subsistencia, cultivos, pastos e bosque complementábase, poñéndose en uso a maior superficie de terra posible para asegurar a alimentación da poboación. O desenvolvemento da economía de mercado, desde hai máis dun século, conduciu ao abandono das terras de cultivo pouco rendibles e a súa substitución por pastos destinados a alimentar o cada vez máis demandado gando; tamén produciu a destrución de certos bosques compensada coa repoboación doutros, o que produciu cambios no mapa de usos do solo.

Nos territorios dominados pola gran propiedade, son habituais os usos extensivos con poucos rendementos por hectárea, pero con investimentos de traballo e capital escasos,

que os fan rendibles. En troques, a pequena propiedade asóciase a usos máis intensivos do solo para poder subsistir con pouca terra, pero maiores rendementos.

***Probas de acceso á Universidade na convocatoria
de setembro de 2017***

CRITERIOS DE CORRECCIÓN

Comisión de Avaliación de Xeografía

OPCIÓN A

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: (puntuación máxima 2 putos; 0,5 por termo ben definido).

Isóbara.- É unha isoliña que, nun mapa meteorolóxico, une os puntos que teñen a mesma presión atmosférica ao nivel do mar. O conxunto de todas elas configuran os cambios de presión. Habitualmente represéntanse os múltiplos de 4 **hPa** (*hectopascals*) ou **mb** (*milibares*) (1000, 1004, 1008, 1012,...), unidade de medida da presión.

Ría.- Val fluvial somerxido baixo o nivel do mar a causa da elevación deste. A orixe xeomorfolóxica está relacionada cun asolagamento do val fluvial relacionado con movementos isostáticos e un afundimento tectónico asociado á rede de fracturas preexistentes.

Litosfera é un conxunto máis ou menos ríxido, fragmentado en diversas placas, que forma a superficie sólida do planeta e descansa sobre unha capa plástica, a astenosfera. A litosfera está formada pola códea e unha parte do manto superior terrestre.

Esperanza de vida.- Cálculo do número de anos que un individuo pode esperar vivir ben no momento de nacer ou cando acada unha determinada idade, sempre que os niveis de mortalidade permanezan constantes. Obtense a partir das táboas de mortalidade. A esperanza de vida é maior nas mulleres que nos homes, situándose en 2015 en 85,41 anos para as mulleres e 79,92 para os homes (en España, INE).

Censo de poboación: É un documento no que se reconta a poboación dun país nun momento determinado, apórtanos información sobre o volume de poboación dun lugar, a súa composición por sexo e por idades, estado civil, tamaño da familia, nivel de estudos, renda, etc.

Difusión industrial.- Tendencia de localización industrial actual; refírese ao proceso de mobilidade de parte da industria cara a espazos periféricos -moitas veces entornos rurais onde o solo é máis barato- das grandes áreas urbano-industriais conxestionadas, coas que segue a manter un forte atractivo.

2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Cite as cinco comunidades autónomas que non teñen ningunha aglomeración maior de 250.000 habitantes (1 punto).

Cantabria, A Rioxa, Navarra, Estremadura e Castela-A Mancha.

b) Comente o documento atendendo ás seguintes cuestións:

Identifique o documento e xustifique a que categorías de xerarquía urbana corresponden as seguintes metrópolis: Zaragoza, Córdoba e Madrid (1 punto).

Trátase dun mapa de España de base provincial, temático de símbolos/figuras proporcionais; utiliza unhas circunferencias para representar con seis niveis os diferentes tamaños por habitantes, das aglomeracións urbanas españolas a súa localización. Nas máis importantes aparece xunto a figura o nome da cidade. A fonte é a editorial Santillana.

Zaragoza ten a categoría de metróbola rexional xa que é unha gran área metropolitana cunha poboación superior a 500.000 habitantes. Conta con funcións diversificadas industriais e terciarias e ofrece numerosos servizos especializados. A súa área de influencia é rexional pero mantén intensas relacións coas metrópolis nacionais.

Córdoba se relaciona coas denominadas metrópolis subrexionais ou rexionais de segundo orde xa que é un área de poboación entre 250.000 e 500.000 habitantes. Conta tamén con funcións bastante diversificadas e algún servizo especializado, pero de influencia subrexional.

Madrid corresponde á categoría de metróbola nacional debido a ser a maior área metropolitana de España (máis de 3.000.000 de habitantes) pero tamén está integrada no sistema europeo e no mundial (cidade global), conta con funcións moi diversificadas ao concentrar as sedes das grandes empresas nacionais e multinacionais e, polo tanto, os centros de decisión empresarial, posúe industrias de alta tecnoloxía que ofrecen servizos moi especializados (financeiros, de xestión, innovación, cultura e lecer) e ten unha densa rede de transporte e comunicacións.

Que aspectos condicionan a distribución dos principais espazos de concentración urbana? (1 punto)

Os aspectos que condicionan a distribución dos principais espazos de concentración urbana en España son factores físicos (clima e altitude) e humanos (evolución histórica e económica). O sistema urbano español baséase nun núcleo central e diversos eixes periféricos que se relacionan co crecemento industrial e as políticas industriais (Cataluña, País Vasco e Madrid), así como a terciarización da economía nos últimos anos. A terciarización industrial beneficiou de forma especial ás grandes cidades; o aumento do emprego nas administracións públicas, que están situadas nas capitais, fíxoas medrar; e o turismo que potenciou especialmente as cidades da costa mediterránea e dos arquipélagos.

As cidades do sistema urbano español constitúen unha rede urbana xerarquizada propia dun país industrializado. Estas exercen certa influencia cara á súa área circundante a partir das funcións e servizos que ofrecen. As cidades conforman unha rede de relacións e de influencias na súa área circundante porque son nós de comunicacións, centros de produción e distribución de bens e provedores de servizos.

Explique as consecuencias do actual sistema urbano no interior peninsular (1 punto)

Na distribución espacial do sistema urbano español no interior, encontramos unha gran irregularidade no brusco salto de tamaño entre Madrid e un elevado número de cidades de rango moi inferior. As consecuencias son un espazo menos articulado (infraestruturas) e menos integrado ao carecer de cidades de rango medio que o permita. A ruptura de continuidade de tamaños na xerarquía urbana dificulta a prestación de servizos á poboación.

Este fenómeno ven marcado polo efecto exercido por Madrid (metrópole nacional) que actúa de potente imán de actividades económicas e de poboación.

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema “Repercusións ambientais da acción humana: a) Contaminación. b) Quentamento global. c) Pegada ecolóxica”.

Na actualidade, moitas actividades humanas levan consigo grandes e graves consecuencias non desexadas, especialmente sobre o medio: a contaminación e o quentamento global quizais sexan dúas das máis preocupantes, por esta razón ás veces é necesario realizar avaliacións de impacto ambiental.

A contaminación é unha das maiores e máis negativas consecuencias ambientais e sociais que teñen as actividades humanas. Supón a introdución, nun medio calquera, dunha substancia en cantidade abonda como para provocar algún dano ou desequilibrio, irreversible ou non, e que pode ser prexudicial para a saúde, para a seguridade ou o benestar da poboación ou para a vida vexetal ou animal.

A contaminación clasifícase segundo os medios aos que afecta:

- Contaminación atmosférica. Os principais contaminantes (en especial o dióxido de carbono) proceden de procesos de combustión en actividades de transporte, industrias, xeración de enerxía eléctrica e calefacción doméstica, así como da evaporación de disolventes orgánicos e das emisións de gases, que orixinaron un buraco na capa de ozono.

- Contaminación da auga. Xeralmente a contaminación de ríos, mares e augas subterráneas provén de verteduras e refugallo industriais (con presenza de metais e de augas con elevada temperatura) así como de augas residuais non tratadas procedentes do saneamento de vilas e cidades.

- Contaminación do solo. Aparece logo da aplicación de insecticidas, por filtracións ou roturas de canalizacións de augas residuais e produtos industriais.

A contaminación tamén se pode clasificar en función do método contaminante ambiental. Así, podemos distinguir entre:

- Contaminación química. Significa a introdución de substancias potencialmente perigosas para a saúde e para o ámbito da terra, nos alimentos, no aire ou na auga.

- Contaminación radioactiva. Derivada da dispersión de materiais radioactivos, como o uranio enriquecido, usados en instalacións médicas ou de investigación, en reactores nucleares de centrais enerxéticas, en probas atómicas.

- Contaminación acústica. É a contaminación debida ao ruído, ao son excesivo ou molesto provocado polas fábricas, os medios de transporte ou certas actividades de lecer.

- Contaminación térmica. Ten lugar no momento en que un proceso vén modificar a temperatura do medio de forma prexudicial, por exemplo debido á vertedura de auga quente nun río: o incremento da temperatura diminúe a solubilidade do osíxeno na auga, polo que pode provocar unha gran mortalidade de peixes.

- Contaminación electromagnética. É a producida a partir das radiacións xeradas por equipos electrónicos e por instalacións eléctricas.

- Contaminación luminosa. Refírese ao resplandor de luz difundido no ceo nocturno e producido pola luz artificial procedente das cidades, dos vehículos e doutras infraestruturas.

- Contaminación visual. Prodúcese cando a abundancia, a desorde ou o tipo de elementos que se achan na paisaxe deterioran a súa estética.

O quentamento global é o aumento da temperatura media da Terra desde que temos rexistros de temperaturas (metade do século XIX). Este aumento sitúase, para este século, entre os 0,3 a 1,7°C , ata os 2,6 a 4,8°C, dependendo dos escenarios previstos. Para os científicos é “extremadamente probable que a influencia humana teña sido a causa dominante do quentamento observado desde a metade do século XX”.

Falaríamos dun cambio climático motivado pola influencia humana e a intensidade das accións que producen o incremento da emisión de gases de efecto invernadoiro como dióxido de carbono, metano e outros. Os efectos do quentamento poden provocar subida do nivel do mar, cambios nas precipitacións e expansión dos desertos. Outros efectos probables inclúen fenómenos meteorolóxicos extremos máis frecuentes coma vagas de calor, secas, e chuvias torrenciais.

Entre os principais causantes do quecemento global cabe citar:

- O efecto invernadoiro: A enerxía solar quenta o solo terrestre, que devolve unha parte (un 37,5%) desa enerxía ao espazo exterior mentres que o resto é retido polos gases das capas superiores da atmosfera, producindo o seu quentamento. É o que se chama efecto invernadoiro xa que funciona igual que os cristais dun invernadoiro de xardinaría pero esta vez desenvolvéndose de forma natural: de aí o nome e o paralelismo.

O preocupante é que nos últimos tempos a proporción dos gases que provocan este efecto (CO₂, metano, entre outros) se elevou enormemente de xeito que impide que saia ao espazo exterior parte da enerxía que emite a superficie da Terra. Como consecuencia, elévase a temperatura da atmosfera, empezando así un proceso de quentamento global e de cambio climático antropoxénico.

O aumento global da temperatura ten un efecto directo nos océanos. Desde o ano 1960 a temperatura media dos océanos aumentou 0,1°C, pero as augas do océano Antártico fixérono en 0,2°C. Iso, unido ao aumento da temperatura do aire, fai que se provoque o desxeo de grandes placas xeadas nas zonas ártica e antártica, así como tamén o retroceso e desaparición, nalgúns casos, dos glaciares terrestres.

A chamada pegada ecolóxica é un indicador de sustentabilidade que resume, para cada individuo, cal é a área necesaria para producir os recursos que utiliza e para asimilar os refugallos que xera. O seu obxectivo consiste en avaliar o impacto sobre o planeta nun determinado modo de vida.

A biocapacidade do planeta por cada habitante estimouse en 1,8 ha, ou o que é o mesmo, se tivésemos que repartir o terreo produtivo da Terra en partes iguais, a cada un dos 7.000 millóns de habitantes, corresponderíanlles 1,8 ha para satisfacer toas as súas necesidades durante un ano. Malia o anterior, cada ser humano está gastando a cantidade de 2,23 ha, polo que, a nivel global, se consomen máis recursos e se xeran máis refugallos dos que o planeta pode xerar e admitir.

OPCIÓN B

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: (puntuación máxima 2 putos; 0,5 por termo ben definido).

Ría.- Val fluvial somerxido baixo o nivel do mar a causa da elevación deste. A orixe xeomorfolóxica está relacionada cun asolagamento do val fluvial relacionado con movementos isostáticos e un afundimento tectónico asociado á rede de fracturas preexistentes.

Cunca fluvial ou hidrográfica é a porción de terreo que drena a un colector principal (río ou lago), limitada por unha liña de cumes ou *divisoria de augas* – liña desde a que as augas correntes flúen en direccións opostas, e que soe coincidir cos niveis máis elevados de determinados sistemas montañosos-.

Tectónica de placas. Teoría que explicou a deriva continental e outros fenómenos. A superficie exterior da Terra consiste en aproximadamente dez bloques ou placas ríxidas. Estas transportan aos continentes e aos solos oceánicos, están en constante movemento e son a causa de moita actividade xeolóxica (formación de montañas, volcáns e terremotos). As placas sofren tres tipos básicos de movementos: sepáranse, converxen e deslízanse.

Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU).- Instrumento de ordenación integral do territorio. Contén a clasificación do solo, definición dos elementos fundamentais da estrutura xeral do territorio (como poden ser fixar os espazos libres, de equipamento comunitario, os sistemas xerais de comunicación, etc.), desenvolvemento, execución e a vixencia do plan. Soe ser municipal, Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

Taxa de fecundidade xeral pon en relación o número de nados vivos nun ano determinado co número de mulleres en idade de procrear, isto é, entre os 15 e os 49 anos.

Economías de escala.- Concepto que expresa as vantaxes que para unha empresa comporta a súa localización nun determinado entorno: cando se produce unha concentración xeográfica das industrias as fábricas benefíciense de infraestruturas colectivas e repártense o custe destas. Cerca dun grande mercado de consumo economizan en gastos de transporte, benefíciense da concentración de man de obra ou de incentivos fiscais.

2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Localice as provincias numeradas do 1 ao 4, indicando cales están en alta ou baixa presión (1 punto).

1: Zamora 2: Badaxoz 3: Xirona 4: Baleares. Zamora e Badaxoz están en alta presión, Xirona e Baleares en baixa presión.

b) Comente o mapa do tempo seguindo as seguintes cuestións:

Identifique o tipo de documento, as figuras isobáricas, frontes e a localización –a grandes trazos- dos mesmos (1 punto).

O documento referido é un mapa meteorolóxico/do tempo en superficie. Nel, ademais de expresarse as isóbaras -que indican a presión atmosférica gradada de 4 en 4 mb-, amósanse unha serie de figuras isobáricas e frontes:

- Dous centros de altas presións (anticiclón) un de 1024 mb co seu centro no océano Atlántico ao Noroeste da península Ibérica e outro con 1020 mb co seu centro ao Leste de Islandia
- E dúas baixas presións (depresións, borrascas) unha de 996 mb sobre Escandinavia, e outra con dos centros de 1000 mb ao Oeste de Islandia e fronte a Terranova.
- Dous sistemas de frontes asociados ás baixas presións anteriores: coa baixa presión escandinava hai unha fronte fría que cruza o centro de Europa ata o norte de África barrendo o continente de Oeste a Leste máis unha fronte ocluída ao norte; nas depresións do Atlántico Norte ou de Islandia vemos unha fronte fría que vai entrar polo NO do Europa e xirando con ela, varias frontes cálidas.

Masas de aire e ventos dominantes nas distintas áreas de España (1 punto).

A masa de aire dominante é a ártica marítima Am, unha masa de aire fría e seca na súa orixe que se carga de humidade e se desestabiliza cando no seu percorrido cara o sur cruza o mar o que afectará primeiro á costa cantábrica da península como vento moi frío e húmido do norte. No sector nororiental os ventos do norte serán máis fortes, disposición máis xuntas das isóbaras, e secos, polo seu recorrido terrestre.

Nas Illas Canarias as masas de aire dominantes serán as de orixe tropical.

Situación meteorolóxica e tipos de tempo que cabe esperar no norte peninsular (1 punto).

E unha situación de advección do Norte, onda de frío que provoca temperaturas moi baixas e neve nas montañas peninsulares.

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema “Movilidade espacial da poboación”. a) O éxodo rural. b) A inmigración.

A dinámica da poboación non depende só da relación entre nacementos e defuncións (crecemento natural), senón tamén da mobilidade da poboación ou saldo migratorio. As razóns que moven ás persoas para desprazarse poden ser moi diversas. Por iso, alúdese a un contexto económico-social. En xeral, estase de acordo en que existe unha motivación económica: a procura dun emprego noutro lugar, que permita mellorar a situación económica e, en consecuencia, as condicións de calidade de vida e benestar social. Ademais, cada etapa presenta as súas propias características en canto a condicións sociais, económicas ou políticas que inflúen no proceso.

Os movementos migratorios españois adoitan clasificarse en migracións transoceánicas históricas, ata mediados do século XX, cuxo principal punto de destino foron diversos países de América Latina, e migracións modernas, desde finais da década de 1950, que presentaron unha dobre vertente: as migracións interiores campo-cidade e as migracións exteriores, cara aos países industriais de Europa Central e Occidental; debemos tamén definir os movementos habituais e periódicos, motivados polo traballo, ocio, de un ou varios días de duración. Os ligados ao traballo chámanse movementos pendulares.

Migracións interiores

O éxodo rural: de 1900 a 1975

No primeiro terzo do século XX rexistráronse fortes correntes migratorias desde as zonas rurais ás cidades impulsadas polas novas actividades industriais e de servizos das áreas urbanas. Estes movementos interrompéronse durante a guerra civil e a inmediata posguerra, para rexurdir con moita máis forza nos anos cincuenta, e sobre todo, nos sesenta e primeira metade dos setenta.

Nesta época, a economía española experimentaba un elevado ritmo de crecemento, apoiado na industrialización e o turismo, que estimularon a construción de vivendas e infraestruturas, así como os servizos ás empresas e á poboación. Ao mesmo tempo, produciuse a mecanización de gran parte das tarefas agrarias, o que provocou un éxodo masivo de poboación no medio rural.

Só nos anos sesenta do século XX cambiaron de residencia 4,2 millóns de españois, o 60% dos cales se trasladaron a outras provincias. Na distribución espacial destas migracións interiores cabe distinguir os seguintes espazos de orixe e destino:

- Os espazos emisores eran as áreas rurais do interior peninsular, ou espazos con sistemas agrarios en crise: Andalucía, Estremadura, as dúas Castelas, Aragón, Asturias, Galicia, etc.

- Os espazos receptores foron Madrid, Cataluña e o País Vasco, que se atopaban en pleno proceso de industrialización. A chegada de inmigrantes provocou o crecemento das grandes áreas urbanas, como Madrid, Barcelona, Bilbao, Valencia,

Zaragoza e Sevilla. Tamén creceron cidades máis pequenas, como Tarragona, Valladolid, Vigo, Avilés ou Huelva, e as principais áreas turísticas do país.

Novas pautas das migracións interiores: de 1975 á actualidade

As migracións interiores masivas de carácter laboral finalizan bruscamente a mediados dos anos setenta do século XX, como consecuencia da crise económica que se produciu a causa da alza do prezo do petróleo. Desta maneira, entre 1975 e 1985 debilitáronse os fluxos migratorios interprovinciais. Continúan, con menor intensidade, os movementos de poboación nova desde o medio rural ata as cidades, ao tempo que se inician os movementos de retorno de emigrantes en sentido oposto.

Coa recuperación económica de mediados dos anos oitenta do século pasado, os fluxos reactiváanse; aínda que sen alcanzar a intensidade dos tempos do éxodo rural nin os niveis doutros países europeos. Destaca un modelo migratorio novo, en que as migracións interprovinciais (económicas e motivadas por cambios de emprego) perden importancia a prol das migracións intraprovinciais, orixinadas por cambios no lugar de residencia, pero non necesariamente de emprego.

Na actualidade, a maior parte dos fluxos migratorios son de curta distancia, e están ligados á expansión urbana. O crecemento das principais cidades desborda os termos municipais e trasládase aos municipios veciños. Ese cinto de municipios próximos ás grandes cidades é o que experimenta un maior crecemento demográfico, debido sobre todo á inmigración de poboación nova. Este proceso é posible a causa da confluencia dun conxunto de factores técnicos (a mellora das infraestruturas de transporte arredor das cidades), económicas (a carestía do solo e a vivenda incita os mozos a buscar vivendas máis baratas nos arredores das cidades) e culturais e ambientais (moitos mozos buscan novos estilos de vida máis ligados á natureza, fuxindo da deterioración do medio ambiente das áreas urbanas).

O baleirado do medio rural debido non só é debido á emigración, senón tamén ao seu crecemento natural negativo, consecuencia do seu envellecemento.

A inmigración

A partir dos últimos decenios do século XX iniciouse unha nova etapa nas migracións. O desenvolvemento económico transformou España dun país tradicionalmente emigrante a un país receptor de inmigración.

De país de emigración a país de inmigración: os novos fluxos migratorios

Tras a entrada de España na Unión Europea e a superación da crise económica da primeira metade dos anos oitenta do século XX, o país comezou a converterse en destino dos fluxos migratorios internacionais. En 1985, España só contaba cuns 250.000 residentes estranxeiros, o que supoñía un 0,6% da poboación total. A finais da primeira década do século XXI, esta cifra supera xa os 5,2 millóns, representando o 11,3% da súa poboación; se ben esta cifra tende a reducirse nos últimos anos por mor da crise económica desde 2007.

A conxunción dun descenso da emigración e un aumento sen precedentes da inmigración exterior propiciou que o saldo migratorio en España sexa claramente positivo desde os anos oitenta do século pasado ata o ano 2011 -momento en que a tendencia, por mor da crise económica, se volve inverter.

Canto á inmigración estranxeira en España podemos distinguir dúas fases en que non só se produciu un cambio substancial no número de estranxeiros presentes no país, senón tamén na súa composición.

Durante a primeira fase (nos anos oitenta do século pasado), a maior parte dos estranxeiros residentes en España procedían de occidente, o centro e o norte de Europa. Este continxente respondía basicamente a dúas motivacións:

- Numerosos xubilados europeos elixiron España para retirárense e poder gozar do seu clima e estilo de vida. Estes cidadáns concentráronse na costa mediterránea da Península e nos arquipélagos de Baleares e Canarias, onde seguen representando unha porcentaxe elevada das súas poboacións.

- Outro grupo importante foi o dos traballadores das multinacionais europeas que se foron asentando especialmente en Madrid e Barcelona.

- Ademais, existía unha colonia crecente de marroquís que comezaron a acudir a España durante esa época na busca de traballo.

Nunha segunda fase, durante a década de 1990 e os primeiros anos do noso século, chegaron ao noso país numerosos cidadáns de Europa do Leste, así como latinoamericanos e asiáticos, á vez que continuaba o fluxo de norteafricanos.

A maior parte dos inmigrantes procede agora de América Latina, norte de África e Europa. Entre os primeiros destacan os ecuatorianos, colombianos, bolivianos e peruanos; entre os segundos predominan os marroquís; e entre os terceiros, os máis numerosos son agora os romaneses, seguidos de británicos, búlgaros, alemáns e italianos. Tamén existe un importante colectivo de chineses.

Distribución espacial e actividade de poboación inmigrante

Os estranxeiros concéntranse nas áreas máis dinámicas do territorio español, é dicir, onde hai máis oportunidades de emprego. Destacan especialmente Madrid, xunto co litoral mediterráneo e as illas. Non obstante, os inmigrantes chegaron a practicamente todos os recantos do territorio, se ben a maior parte se concentra nas grandes cidades.

Tamén existe un importante número de estranxeiros, sobre todo africanos, en áreas rurais con agricultura intensiva. Polo tanto, a súa localización espacial está moi relacionada co tipo de traballo que desempeñan.

En xeral, os inmigrantes ocupan postos de traballo que non eran cubertos pola poboación española, polo que non hai propiamente unha situación de competencia coa poboación autóctona.

O tipo de traballo está relacionado en gran medida coa nacionalidade: os cidadáns do centro e o oeste de Europa ocupan empregos ben remunerados e localízanse sobre todo en Madrid e Barcelona, aínda que tamén en actividades de servizos en áreas turísticas; os hispanoamericanos, ao compartiren un mesmo idioma cos españois, realizan actividades fronte ao público; traballan preferentemente no sector servizos. Os marroquís e subsaharianos están especialmente representados na construción e a agricultura; os europeos do leste están representados en moi variadas actividades; e os chineses dedícanse preferentemente ao comercio.

Efectos da inmigración

Os inmigrantes, co seu traballo, contribuíron de forma decisiva ao crecemento económico de España nos anos anteriores á crise económica. Ademais, a chegada de estranxeiros freou o proceso de envellecemento da poboación, xa que entre eles predominan os adultos novos e as súas taxas de natalidade son superiores ás da poboación española. Este feito é importante desde o punto de vista de mantemento do sistema de pensións e seguridade social: coa chegada masiva de inmigrantes prodúcese unha diminución da proporción de poboación dependente, e un aumento do número de contribuíntes. Canto á integración social dos inmigrantes, a situación é moi diferente segundo os colectivos, pois algúns poden integrarse moito máis facilmente ca outros en función da súa lingua e a súa cultura.